

ENTREVISTA

Para conmemorar o aniversario do Consello da Cultura Galega, veñen de inaugurar Vdes. a exposición “Galicia 25. Unha cultura para un novo século”. Que foi o que mudou na cultura do país nestes vinte e cinco anos?

-Mudaron moitas cousas. Para comezar, hai un cuarto de século non había Internet, ou non a había tal e como hoxe a coñecemos. Non tiñamos, entón, o recurso das novas tecnoloxías de difusión en rede que temos hoxe. Sendo un pouco máis concretos, a mudanza fundamental foi que, hai vinte e cinco anos, a cultura era aínda bastante letrada, e hoxe é moito máis plural: é letrada, si, pero tamén é visual, sonora... Dende o punto de vista técnico, dáse en máis soportes dos que se daba. E dende o punto de vista dos contidos,

var moitos valores culturais do pobo galego, a través dos seus arquivos, memorias, libros, actividades... E en terceiro lugar, creo que compre o papel de asesoría naquilo no que foi demandado: para declaracións de Bens de Interese Cultural, de protección dalgúns especialmente significados como o Camiño de Santiago, no lanzamento de proxectos interesantes como o CGAC ou a Lei do 1 por cento de carácter cultural...

-Que novos retos e obxectivos se marcaron de cara ao futuro?

-O Consello está a verquer xa moito do seu traballo e da súa actividade a través da Rede, e a difundir a través dela unha parte dos valores culturais galegos, e isto tense que incrementar no futuro. Outros retos son avanzar nun labor de planificación de

actividades e políticas culturais, e ir transformando o eido de asesoría en traballo, non de control, senón de análise e perspectiva das actividades culturais. Hai aberto un gran espazo para o futuro.

-Na súa chegada á presidencia do CCG falou da necesidade de producir máis debate. Neste ano xa levan organizados cinco encontros, dun total de seis. Como están a resultar estas xuntanzas?

-Cando rematen, teremos unhas conclusións colectivas, pero podemos avanzar, como grandes liñas, que os problemas que ten a cultura galega en conxunto son compartidos con moitas outras, sexa o da lingua, o da protección do patrimonio... E, por outra banda, que necesitamos seguir na liña de comparanza, de confrontación incluso, no sentido positivo, con outros

ámbitos e outras culturas. Temos un pequeno déficit de proxección no mundo, no sentido non humano, senón cultural, e estes foros creo que foron un vehículo bastante importante para poñer o que se fai en Galicia en relación con persoas de fóra que viñeron aquí e contaron non só o que eles viron, senón que tamén percibiron o que tiñamos.

-Que importancia ten para unha cultura como a nosa semellante proxección no exterior?

-É esencial, porque contribúe a fixar ben a marca do país; é o pegamento que permite anoar ou darlle firmeza a moitas outras proxeccións de carácter comercial, económico... Temos unha vantaxe que debemos aproveitar, e na que o Consello vén traballando dende o principio, e é a da




FOTO: ELI REGUEIRA

tamén se diversificou moito; por exemplo, a cultura tradicional era de base etnográfica material ou de base literaria, e hoxe préstaselle tamén importancia a fenómenos como a paisaxe, a arquitectura, a banda deseñada, os produtos audiovisuais...

-Contra fortalezas como esta pluralidade, que feblezas xorden?

-Somos un país dun tamaño pequeno: contamos cuns 2.700.000 habitantes, unha cultura que se expresa en dous idiomas, e nun ámbito relativamente estreito. Pero coido que todo iso non é unha debilidade; trátase dunha limitación, no sentido de que non temos unha cultura como a que se expresa en inglés, en francés, en español, mesmo en portugués.

-Cal vén sendo a aportación do CCG ao longo deste cuarto de século?

-Primeiro, facela visible institucionalmente. O feito de que haxa un Consello da Cultura significa que, para os pais da autonomía, era importante que houbera unha institución que reflectise a importancia e o peso da cultura na constitución da Galicia autonómica. En segundo lugar, coido que o Consello contribuíu, e así está escrito na súa lei fundacional, a preser-

Ramón Villares

“A cultura galega é hoxe máis plural que hai vinte e cinco anos”

Cando se conmemora o 25º aniversario da fundación do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, o seu presidente, fai balance do labor realizado pola institución durante este cuarto de século e tamén dos novos retos que lle quedan por diante.

diáspora galega. Neste sentido, o CCG, a través das súas exposicións, dos seus libros, dalgúns congresos... vén practicando sistematicamente isto. Non dunha forma unilateral, senón moitas veces vinculado a proxectos con emigración, ou tamén bilaterais.

-A sociedade galega coñece dabondo o traballo do Consello?

-Non cho sei, non che podo contestar ben a iso. No sentido de ser algo popular, como se se tratase dun programa de radio ou televisión, supoño que non, pero creo que a sociedade galega sabe que existe un Consello, sabe que existe unha institución que se dedica á asesoría da cultura e con iso, para min, xa é suficiente, tampouco cómpre pensar que o Consello ten que ser extremadamente popular. Nós poñemos a disposición de toda a sociedade o que facemos: temos un portal onde se dá noticia das novas culturais, das actividades que levamos a cabo, os libros que publicamos... Estamos incrementando a colocación na Rede de moita documentación que ten o Consello, de modo que nese sentido debe ser coñecido, pero non ten un instrumento para medilo.



NATALIA ÁLVAREZ